



MULLER E DEPORTE

www.vigo.org/mulleredeporte/



Concellería da Muller



CONCELLO DE VIGO

Coa colaboración de F.AA.VV. Eduardo Chao



MULLER E DEPORTE





GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS DEPORTIVAS IGUALITARIAS

O deporte constitúe un potencial excelente para transformar as relacións de xénero desiguais existentes na nosa sociedade. Acadar un modelo de **deporte igualitario** supón un deporte no cal as diferencias por razón de sexo non sexan motivo de desigualdade e no que se teña en conta a participación da muller e do home en todas as disciplinas deportivas.

Unha visión do deporte que non se deixe influír polos estereotipos de xénero, é dicir, polo que tradicionalmente é considerado como propio das mulleres ou dos homes dando lugar á clasificación de deportes masculinos e deportes femininos.

Unha visión do deporte que non se basee nas diferentes características físicas dun ou outro sexo para xulgar a idoneidade das distintas prácticas deportivas.

Unha visión do deporte que impulse a **participación feminina en calquera tipo de deporte e a todos os niveis**: base, de élite, federado, etc; así como a representación feminina como adestradoras, directivas, árbitras...e o seu recoñecemento nos clubs, nos medios de comunicación e na sociedade en xeral.



>>> O DEPORTE <<<

»» O deporte é un exercicio de educación en valores e constitúe un importante factor de integración social.

»» O deporte é un piar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables.

»» O deporte é un método imprescindible para romper cos modelos tradicionais acerca das prácticas denominadas como masculinas, polo que se debe garantir o acceso das nenas, adolescentes e mulleres á súa práctica.

»» O deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañerismo, a autoestima...

»» O deporte é un mecanismo imprescindible para rematar cos estereotipos de xénero.

»» O deporte é un espazo para a prevención de prácticas discriminatorias sexistas, xenófobas e demás formas de violencia.

»» O deporte igualitario é a forma máis efectiva de rematar cos estereotipos sexistas que limitan a participación feminina en calquera das súas áreas.

»» O deporte en igualdade é o garantir de que todos os beneficios derivados do seu exercicio chegan a todos os sectores da cidadanía.

»» O deporte en igualdade crea unha sociedade más igualitaria.

O Concello de Vigo ten aprobado unha serie de iniciativas, recollidas no “**3º Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres**”, que teñen por obxecto establecer accións concretas que incidan na eliminación de estereotipos relacionados co xénero no ámbito deportivo: apoio ás entidades deportivas que promovan a participación das mulleres en deportes masculinizados, mellora das infraestruturas deportivas para facilitar a participación de mulleres no deporte, primacía na adjudicación de subvencións daquelas entidades deportivas que levan a cabo medidas de acción positiva e accións de sensibilización e información.

Esta “**Guía de boas prácticas deportivas igualitarias**” supón un material de sensibilización e información á cidadanía que pretende ser unha ferramenta de interese e utilidade para os clubs e entidades deportivas e promover a participación e o recoñecemento das nenas e mulleres nas distintas prácticas deportivas.

Lucía Molares Pérez

Concelleira Delegada de Muller e Deporte





- + As mulleres están infrarrepresentadas nos postos de decisión e dirección no deporte.
- + As mulleres deportistas e os seus logros apenas teñen repercusión nos medios de comunicación.
- + A pesar de todo isto, existen na nosa localidade numerosas mulleres deportistas que contan cun palmarés salientable, destacadas nacional e internacionalmente nas súas disciplinas e inscritas en todas as prácticas deportivas, tamén nas consideradas “masculinas”.
- + Non haberá igualdade real entre homes e mulleres mentres os estereotipos de xénero sigan existindo.



É UN COMPROMISO DO CONCELLO DE VIGO

Co obxecto de seguir facilitando a incorporación e representación da muller en todos os ámbitos públicos, o Concello de Vigo amosa o seu compromiso cunha liña de subvencións propias, de carácter anual, que pretendan impulsar ás federacións, clubs e ás e ós deportistas para que leven a cabo prácticas igualitarias, ao mesmo tempo que para rachar cos estereotipos de deportes tradicionalmente considerados “masculinos” ou “femininos”.

Tamén coa finalidade de facilitarlle ás federacións e clubs de ámbito local a adecuación ás novas leis de recente aprobación sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o Concello de Vigo pon á disposición dos organismos interesados, asesoramento e formación de como adaptar esas leis transversais ás súas competencias, ao mesmo tempo que facilitará información específica en todo o referido a muller e deporte, mediante a páxina web (www.vigo.org/mulleredeporte/) creada especialmente para ese fin, e ofertará cursos e charlas de formación en xénero para axudar ás entidades deportivas na implantación de políticas igualitarias non discriminatorias.

www.vigo.org/mulleredeporte/

FALSOS MITOS DO DEPORTE E DAS MULLERES



- O deporte é cousa de homes.
- A actividade física e deportiva masculiniza ás mulleres, tanto física como psicoloxicamente.
- A práctica deportiva é perigosa para a saúde das mulleres.
- As mulleres non teñen un interese real polo deporte.
- As mulleres non están fisicamente dotadas para o deporte.
- As mulleres adícanse ao deporte recreativo, non competitivo.
- As mulleres non saben liderar unha equipa.
- O fracaso dos homes no deporte é por falla de esforzo, o das mulleres por falla de capacidade.
- Non existen mulleres destacadas ao longo da historia do deporte ata fai escasas décadas.



REALIDADES DO DEPORTE E AS MULLERES



- + O deporte é a expresión do dereito á igualdade e á liberdade de todas as mulleres a dispor do seu propio corpo e a inscribirse no espazo público, independentemente da súa nacionalidade, idade, capacidade, orientación sexual ou relixión.
- + As mulleres deportistas carecen de modelos e estímulos, non porque non existesen referentes senón porque a súa historia e méritos, como en tantas outras disciplinas, foi silenciada ou tivo menos repercusión que a dos seus compañeiros varóns.
- + Que o deporte é cousa de homes segue a ser un dos estereotipos más arraigados na sociedade.
- + As nenas a partir dos doce anos de idade abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando ás súas cualidades socializadoras e para a saúde física e psíquica, nunha idade na que se está a forxar a personalidade.
- + Os deportes e competicións masculinas contan con maior impacto social, recursos e interese que os realizados por mulleres.



MULLER e DEPORTE

CALENDARIO DINÁMICO

DEPORTE _____
CATEGORÍA _____
TEMPADA _____
INICIO DA TEMPADA _____
FIN DA TEMPADA _____

OUTRAS DATAS DE INTERESE

DEPORTE _____
CATEGORÍA _____
TEMPADA _____
INICIO DA TEMPADA _____
FIN DA TEMPADA _____

OUTRAS DATAS DE INTERESE

DEPORTE _____
CATEGORÍA _____
TEMPADA _____
INICIO DA TEMPADA _____
FIN DA TEMPADA _____

OUTRAS DATAS DE INTERESE

DEPORTE _____
CATEGORÍA _____
TEMPADA _____
INICIO DA TEMPADA _____
FIN DA TEMPADA _____

OUTRAS DATAS DE INTERESE

FEDERACIONES DEPORTIVAS

F. GALEGA DE BALONCESTO	981 585 040
F. GALEGA DE FÚTBOL	981 120 619
F. GALEGA DE TENIS DE MESA	986 247 220
F. GALEGA DE PATINAXE	981 130 994
F. GALEGA DE HOCKEI	988 231 817
F. PROVINCIAL DE FÚTBOL SALA	986 423 400
F. GALEGA DE BILLAR	986 290 666
F. GALEGA DE SQUASH	986 202 501
F. GALEGA DE BALONMÁN	986 410 618
F. GALEGA DE CICLISMO	986 224 158
F. GALEGA DE LOITA	986 220 611
F. GALEGA DE MONTAÑISMO	986 424 331
F. GALEGA DE MOTOCICLISMO	986 224 549
F. GALEGA DEPORTES MINUSVÁLIDOS FÍSICOS	986 222 441
F. GALEGA DE TENIS	986 212 982
F. GALEGA DE VELA	986 237 116
F. GALEGA DE REMO	981 221 767
F. GALEGA DE MOTONÁUTICA	986 211 271
F. GALEGA DE ATLETISMO	981 291 683
F. GALEGA DE BÉISBOL	981 133 137
F. GALEGA DE VOLEIBOL	981 132 959
F. GALEGA DE PIRAGÜISMO	986 842 106
INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES (IMD)	986 235 901
SERVIZO DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO	986 810 295
FUNDACIÓN VIDÉ	986 247 104

www.vigo.org/mulleredeporte/



Concellería da Muller